

Escola de
DEMOCRACIA
O PROCESO CARA A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA DE 1978

#EscueladeDemocracia



Estación de metro de Cuatro Caminos de Madrid días antes do 1º de Maio de 1972. Graffiti convocando a unha manifestación en Cuatro Caminos el día 2 de maio.

Arquivo Fundación Pablo Iglesias

FUNDACIÓN
PABLO IGLESIAS



UAM
Universidad Autónoma
de Madrid



Actividad subvencionada por el Ministerio de Cultura y Deporte

ESCOLA DE DEMOCRACIA: O PROCESO CARA A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA DE 1978

En 2023 cúmprese o 45º aniversario da Constitución Española, efeméride que pode ser aproveitada para botar a vista atrás e propoñernos preguntas sobre un pasado cada vez menos recente, pero que segue estando moi presente. No debate político prodúcense constantes referencias ao seu contido, tanto para criticar a falta de adaptación aos tempos actuais como, en franca oposición, para advertir sobre o perigo que entrañarían as máis mínimas posibilidades de reforma do seu articulado. Opinións enfrontadas que deixan percibir unha necesidade de descubrir de novo que pasou naqueles anos; noutras palabras, como foi debuxándose un proceso a medio camiño entre o cumprimento dos obxectivos marcados polos proxectos enfrontados e a dúbida ou a improvisación. Un mar de incertidume sobre o que flotaban os actores que promoveron a democratización do país, ao igual que o facían quen buscaban minimizar os cambios ou incluso a involución. O acordo sancionado na Constitución de 1978 perfilou, por conseguinte, a convivencia entre españoles durante máis de catro décadas. Naquel presente transitorio había unha urxente necesidade de democracia. É momento de facer balance sobre como se edificaron os alicerces da democracia en España, en aras de reivindicar o valioso e cuestionar as súas limitacións. Realizar unha foto fixa sobre aqueles primeiros anos nos que todo era posible e ao mesmo tempo non. Graos de incertidume na construción dun futuro en común. En ocasións incluso paus de cego, pero coa firmeza na converxencia cara un réxime de tolerancia, diálogo e respecto mútuo. Democracia.

A exposición artículase en torno a cinco ámbitos temáticos e un espazo transversal para lograr captar a complexidade do proceso que conduciu finalmente á aprobación da Constitución. O percorrido deixa patente que tal circunstancia non foi, en absoluto, algo predeterminado nin respondeu a un deseño preconcebido. É máis, tampouco pode considerarse que fose un obxectivo que marcara a axenda das elites políticas ou dos movementos sociais que loitaban por facer valer os seus argumentos.

Decembro de 1978 foi o resultado de múltiples feitos, non sempre conectados. Resultou un final –porque puido haber outros– para as transformacións que se foron sucedendo durante o tardofranquismo, os primeiros Gobernos da monarquía e tras a composición do Congreso dos deputados e do Senado resultado das eleccións xerais de xuño de 1977. Pero sobre todo foi un principio: o da construción de marcos adaptados a aqueles tempos e con métodos democráticos, é dicir, coas suficientes garantías, acordos e pactos en beneficio da colectividade. Para comezar a debater. Para comezar a andar e construír o futuro en paz.

As pezas que se mostran forman parte dos fondos do Arquivo da Fundación Pablo Iglesias, da Biblioteca e Arquivo de Propaganda impulsada por Ramón Adell Argilés, así como da colección privada de Propaganda Política da Transición Miguel Gutiérrez. Fíxose unha selección baseada no poder explicativo de materiais diversos: carteis, prensa, pasquís, folletos, libros, octavillas, adhesivos, etc. Consideramos que a través da súa revisión é posible fuxir de interpretacións presentistas e de visións anacrónicas. Intentamos reflectir non unha única interpretación daqueles anos nos que o futuro tocábase coa man, en que o tempo acelerábase, e onde a diversidade e a pluralidade eran a norma. Parece probable que algúns dos protagonistas non se identificaran anos máis tarde co contido destas mensaxes. Xustamente este é o principal valor de unhas pezas de tan variada tipoloxía e natureza. Se algo nos ensina a Historia é que nada é inmutable nin estático. Todo pode cambiar, pero tamén..., que de todo se pode aprender. Especialmente do pasado.

Invitamos a quen se achegue a esta exposición a que o faga sen prexuízos e atope nela un aprendizaxe sen guión: o que forxou esta “Escola de Democracia” que nos trouxo ata o noso presente. Aínda que o esquezamos moitas veces, este pasado que está aquí palpable a través destes materiais expositivos foi tamén o noso presente.

¿COMO SE CONSTRÚE UNHA DEMOCRACIA NUNHA DITADURA? OS ESFORZOS POR CONSTRUIR UNHA CULTURA DEMOCRÁTICA NO TARDOFRANQUISMO (1970-1975)

Unha sociedade en cambio coma a de España dos anos setenta demandaba novas formas de representación. Isto non quere dicir que houbera unha pulsión democrática maioritaria, senón que o modelo político existente presentaba cada vez máis gretas. A herdanza de catro décadas dunha ditadura militar anacrónica no espazo europeo do estado do benestar provocaba desaxustes entre o que se dicía e o que se facía. Polas rendixas de liberdade que escapaban ao control do réxime filtrábanse novas ideas que interaccionaban coas vellas. A oposición ao franquismo procurou rearmar-se de argumentos e de novos cadros, o que xerou non poucas dificultades entre quen mantía viva a chama republicana no exilio e aqueles que pensaban que os tempos cambiaron e que era preciso un cambio xeracional.

O acontecido en Suresnes en 1974, despois de varios anos de pugnas internas no seo do socialismo español, pasou á historia como o exemplo máis acabado dese relevo, pero non foi nin moito menos o único enfrontamento na busca da unidade do antifranquismo. O Partido Comunista de España (PCE) tivo tamén outras preocupacións, moi marcadas, no seu caso, polo comportamento da Unión Soviética na súa área de influencia. A conformación da Xunta Democrática como estrutura que daba amparo a partidos, sindicatos e outras organizacións cidadás agrupadas conforme ao obxectivo de derrubar a ditadura sería unha entelequia de non estar xa conformándose o espírito do eurocomunismo no espazo comunista italiano e francés. As prácticas políticas observadas e vividas no exterior pesaban tanto como o día a día de quen se enfrontaba ao réxime no interior.

A definición do concepto de ruptura democrática contida na resolución de Suresnes sintetizaba os termos do proxecto maximalista dunha oposición con máis ímpetu que sustento social. A esixencia de liberdades individuais e colectivas, o fin das estruturas represivas ou a convocatoria de eleccións non eludía tampouco asuntos tan espinosos como os vinculados aos sentimentos nacionalistas e a cuestión territorial. Unha folla de ruta que parecía obviar que o poder era detentado por unhas elites con intereses contrapostos e cos que terminaría sendo necesario dialogar. Todo iso sen mencionar os medos e as esperanzas de gran parte da poboación, que aspiraban a ter un futuro mellor, sen renuncias sobre o alcanzado. E é que, despois de corenta anos dun réxime dictatorial que baseaba a súa lexitimidade de orixe nunha vitoria militar e na difusión dunha imaxe negativa dos procesos democráticos, pero que soubera moldearse de maneira pragmática ao cambiante contexto internacional, sen renunciar ás súas esencias, calquera avance cara a democracia tería que realizarse con eses condicionantes.

Noutras palabras, a cultura democrática había que construíla. Quedaba certa memoria conservada no tempo, pero sobre todo había vontade de facela retornar. Definir modos e valores para que o diálogo, o debate —en definitiva, a esencia da democracia— chegase en primeiro lugar a dita sociedade, e posteriormente, se consolidase no tempo. Foi, pois, necesario crear estes marcos e raíles por onde terían de transitar estes espazos de convivencia.

OS ESTERTORES DO RÉXIME E A MORTE DE FRANCO: SALTO CARA O BALEIRO (...1973-1975)

As ansias de liberdade chocaban cunha realidade política e económica asfixiante.

En primeiro lugar, o deterioro físico de Francisco Franco –a chamada solución biolóxica–, aínda que patente, non estaba reñido coa aparente fortaleza das estruturas represivas. O asasinato do Almirante Luis Carrero Blanco a mans de ETA, en decembro de 1973, foi un serio aldabonazo para opositores e defensores da continuidade do réxime sobre o que podía estar por chegar. Os aparentes sólidos cimentos da ditadura tambalearon, como demostra que a reacción inicial ao magnicidio non se concretase nun baño de sangue. Ao contrario, concedeu incluso unha maior visibilidade ao coñecido Proceso 1001 do Tribunal de Orde Público que xulgaba a actividade sindical dos líderes de Comisións Obreiras. O movemento obreiro atopou na súa causa un elemento aglutinador e inspirador. A imaxe de ETA tamén saíu reforzada, incrementando a repercusión que xa había alcanzado tras o Proceso de Burgos. As reivindicacións nacionalistas, recorrendo a discursos de corte anticolonial de gran actualidade desde finais dos anos sesenta, incrementaron a súa presenza na Península, propiciando unha identificación entre estas e o antifranquismo que foi, a fin de contas, a continuidade doutro dos nudos gordianos a resolver durante a transición e unha asignatura pendente para a democracia.

En segundo termo, a situación económica do momento foi outro elemento insoslayable e que axuda a comprender a deriva dos acontecementos. O modelo desenvolvimentista, que otorgara ao réxime respetabilidade internacional e amortiguara o descontento pola ausencia de liberdades, encarou o inicio da década dos setenta con dificultades. Cando a crise do petróleo levou a que os países do bloque occidental sofresen unha recesión que puxo fin aos trinta anos gloriosos, a ditadura non tivo máis remedio que procurar comprar paz social a costa de aprazar as necesarias políticas de axuste. O Sindicato Vertical era unha cáscoa baleira e os conflitos laborais, crecentes en número, puxeron en aprietos ás autoridades. Non foron poucos os traballadores que chegaron ao compromiso político coa democracia partindo de demandas puramente pecuniarias.

O estatismo do réxime non foi incompatible, nos seus últimos momentos, con esa combinación de expresións de fortaleza e debilidade. A lideranza crepuscular de Franco, sometido en non poucas ocasións aos manexos e manobras da chamada “camarilla de El Pardo”, manteu certas inercias ben aprendidas, como acudir ás penas de morte para contrarrestar a subversión. Ese recurso á violencia ten moito que ver co pánico xerado tras a revolución dos craveles en Portugal, pero á vez poñía en perigo parte do alcanzado na esfera internacional. A oposición atopou un novo asidero ao que agarrarse para sumar efectivos, mentres que os proxectos continuístas conformados en torno á figura do príncipe Juan Carlos, designado sucesor a título de rei polo ditador, oscilaban entre a mensaxe de manter prietas as filas e os cánticos reformistas.

O 20 de novembro de 1975 Francisco Franco foi declarado clinicamente morto e puxéronse en marcha as previsións sucesorias.

CARA A DEMOCRACIA, PERO ¿CAL? SOLUCIONAR OS CONFLICTOS A TRAVÉS DUNHA CULTURA EN VALORES (...1975-1976)

A sociedade española que protagoniza o tránsito da ditadura á democracia era moito máis plural do que normalmente se asume nas visións superficiais do período. Son matices importantes que explican as dificultades interpretativas que agocha o proceso democratizador.

A militancia política na clandestinidade non resultaba sinxela. Procurouse paliar a falta de efectivos con moita vontade, pero tamén recorrendo ao poder dos discursos. A revisión das publicacións da época, a maior parte delas realizadas con medios tremendamente precarios, deixan patente esta notable carga teórica da que se dotaban os individuos comprometidos co cambio político. Unha densidade discursiva que non sempre ía da man das accións prácticas, especialmente cando as invectivas se lanzaban desde o exilio.

Tal acumulación ideolóxica contrastaba, con todo, co que sucedeu nas fábricas e universidades durante o tardofranquismo e os primeiros gobernos da Monarquía. En ambos ámbitos as palabras canalizábanse cara accións concretas. Así, o movemento estudantil foi protagónico no ocaso da ditadura e non poucos mozos apostaron por unir as súas forzas para denunciar a falta de dereitos e combater a represión. Iso si, existiron múltiples grupos e formacións, con obxectivos semellantes, se ben alleadas no seu pensamento. O sindicalismo opositor ao réxime, que se había rearmado na etapa desenvolvimentista coa puxanza das Comisións Obreiras (CC. OO.) e o seu recurso ao entrismo, adquiriu unha especial relevancia social ao calor dos conflitos laborais provocados pola espiral inflacionista e o recorte de empregos. Siglas históricas como as da Unión Xeral de Traballadores (UGT) tiveron que competir, pero tamén aprender a coexistir, co influjo comunista sobre CC.OO. e os novos bríos dos católicos de base. Con todo, o convencemento de que non habería xustiza social mentres permanecesen incólumes os cimentos da ditadura actuou como argumento para deixar de lado as diferenzas e avanzar cara un novo modelo de convivencia.

A percepción de que só a unidade traería a democracia a España explica a constitución en marzo de 1976 de Coordinación Democrática, máis coñecida como a Platajunta. Dentro dela compartían espazos proxectos moi diversos, incluso incompatibles, pero as diferenzas se arrinconaban en pos dun ben común. Sen embargo, esta narrativa de unión e harmonía agocha realidades igualmente innegables. O movemento obreiro e o estudantil non alcanzaron a unificar os seus criterios de loita, existindo unha desconfianza do primeiro cara a autenticidade e compromiso de quen eran tachados como revolucionarios de salón. O mesmo sucedía con aqueles grupos que apostaban polas armas e a violencia como táctica e despreciaban a cobardía de quen querían alcanzar os seus fins sen verter o sangue dos seus inimigos. A linguaxe da violencia era ben coñecida entre os cadros da ditadura e a represión policial, como a sucedida en Vitoria, non dependía de se Franco estaba vivo ou non.

MOBILIZACIÓN SOCIAL E POLÍTICA DESDE A BASE: DESENVOLVEMENTO DOS BARRIOS E A CONSTRUCCIÓN DA ACCIÓN CIDADÁ NUN ENTORNO COMPLEXO (1975-1976...)

A elevada carga teórica que contiñan os discursos programáticos dos partidos opositores ao réxime e á súa continuidade mediante o limitado reformismo do primeiro goberno da Monarquía opaca, polo menos en parte, a existencia doutros espazos de loita contra a ditadura que partían de colectivos con menos proxección pública ou desenvolvemento doutrinario.

Unha das leccións que os españois tiveron que aprender no seu tránsito cara a formas de convivencia democráticas era que a política se podía vehicular a través de moi distintos canais. O asociacionismo veciñal foi un bo exemplo disto. Persoas unidas arredor duns intereses concretos que van descubrindo o valor que teñen as súas accións para dar visibilidade ás carencias dos seus barrios, pero á vez para espertar nelas certa conciencia de clase. Os problemas eran diferentes se se vivía nunha ou outra parte das cidades, igual que a través destas asociacións se reconstruían outros lazos que quedaran cortados cando se produciu o éxodo rural aos principais centros urbanos do país. A transición tamén se fixo nos pobos, lugares onde os recordos da Guerra Civil e da represión franquista permaneceron moito máis vivos que noutras poboacións.

As reivindicacións colectivas tamén se articularon arredor da esixencia de que as liberdades por gañar tivesen en conta outro tipo de opresións non exclusivas da ditadura. Así, o feminismo estivo tamén representando nesa nova maneira de facer política dende a base, propugnando consignas que clamaban polo cesamento da violencia sobre as mulleres, fose esta física ou simbólica, nun momento no que aínda era necesario insistir en que o persoal era político.

Incluso no exército, santo e sinal do que fora a ditadura e executor das últimas vontades de Franco, erguéronse voces que demandaban liberdade e acabar coa corrupción imperante. A Unión Militar Democrática foi, con todo, un pálido reflexo do movemento dos oficiais en Portugal e o seu escaso nivel de implantación, que non resta importancia á iniciativa, unha demostración de que as Forzas Armadas non se ían percorrer facilmente o camiño da democracia. Neste punto concreto, máis alá de determinadas cesións sobre a organización territorial do Estado, que chocaban coas peticións de autogoberno demandadas por moi diversos colectivos, é onde cobrou especial relevancia a figura do rei Juan Carlos e a posibilidade de utilizar a orixe da súa lexitimidade para esixir obediencia aos militares.

O retorno da ágora como lugar de debate onde puidesen expresarse lexitimamente as ideas confrontadas e exercer a representación política tivo, por tanto, que convivir coa permanencia de herdanzas do réxime anterior, máis ou menos belixerantes. Por exemplo, a transición militar quedou aprazada ata a chegada dos socialistas ao poder e despois de que o ruído de sabres puxese en xaque todo o conseguido.

O PRIMEIRO GOBERNO DA MONARQUÍA: REFORMISMO SEN PULSO (1976)

A identificación da ditadura coa figura de Francisco Franco pode propiciar que se asuma que tras o seu falecemento o réxime foi enterrado con el. Nada máis lonxe do sucedido. Nin a democratización estaba garantida nin moito menos é posible facer unha ruptura transcendental polo relevo na xefatura do Estado. A proclamación de Juan Carlos I como rei de España o 22 de novembro de 1975 puxo fin a unha anomalía, a existencia dun Reino sen monarca, pero a continuidade foi a tónica dominante. Isto tíñano moi presente os partidos e colectivos da oposición, de aí a súa invocación á necesidade de que se producise unha ruptura. Non vían outro xeito de alcanzar as liberdades políticas e de pasar páxina; sen quedar de todo claro como se poderían axustar contas co pasado. De aí que quen manifestaba a vontade de que o país retornara ao sistema de goberno republicano fixeran brincadeiras sobre o que apelaban como Juan Carlos O Breve.

As burlas non tiveron en conta a correlación de forzas ou polo menos os seus ideólogos pecaron de optimismo. Juan Carlos I tivo a habilidade de non pechar ningunha porta para cumprir o que era o seu único obxectivo: a continuidade da Coroa. Así, mentres gozaba do respaldo outorgado polo ditador e expresado de xeito convinte no seu testamento político, deixou facer ás elites reformistas, sabedoras de que a mera prolongación do franquismo era imposible. A posteriori, é sinxelo, e incluso tentador, converter ao monarca no piloto do cambio. Non hai dúbida de que houbo xestos que avalan a tese do aperturismo juancarlista, pero non se pode esquecer que foi a presión dende abaixo, capitalizada pola vangarda da oposición, a que impediu que proxectos reformistas como o encabezado por Manuel Fraga puidesen ter maior percorrido. A mala sintonía con Carlos Arias Navarro, excesivamente ligado aos estertores do tardofranquismo e sen programa propio agás a vontade da “democracia á española”, foi o impulso definitivo á operación Suárez. Aqueles anos sempre foron un xogo de equilibrios, marcados máis polas incertezas que polas seguridades.

INERCIAS E CONTINUIDADES (1976)

D. Juan Carlos atopou na sesión conxunta do Congreso dos Estados Unidos o escenario idóneo para presentar ao mundo o seu compromiso coa democracia. Foi o visto bo para o nomeamento de Adolfo Suárez como novo presidente do Goberno e o comezo dunha operación que buscaba salvagardar o poder e a influencia das elites, incluída a Igrexa católica. Non foi unha transición guionizada, senón un xogo de intereses con avances e paradas, marcado pola improvisación ante os movementos políticos que se ían producindo. Suárez tivo a habilidade suficiente para apropiarse de parte das reivindicacións da oposición, mentres negociaba o harakiri das Cortes franquistas.

De maneira previa regularizouse o dereito de reunión e incluso antes tolerouse que, en abril de 1976, se celebrase nos salóns do madrileño restaurante Biarritz o XXX Congreso da UGT. Un acto semiclandestino mais non reprimido polas autoridades que exemplifica ben as contradicións do período. Tamén se aprobou a Lei sobre o Dereito de Asociación Política, un marco que non atendía a esixencia da legalización dos partidos. Con todo, foi coa amnistía do 30 de xullo de 1976 coa que Adolfo Suárez deu un golpe ao berro unánime da oposición, que perdeu un dos seus lemas máis coreados. Así chegouse á aprobación da Lei para a Reforma Política o 18 de novembro de 1976, practicamente un ano despois do falecemento do ditador. O Goberno arrebatara a iniciativa á oposición, que tivo que afrontar o referendo para a ratificación da Lei sen unha postura común. Que entre a sopa de letras existente aquelas que estaban chamadas a ser as principais formacións da esquerda apostasen pola abstención revela esa falta de proxecto alternativo.

A sociedade española inclinouse de xeito contundente polo si na consulta, indicando o éxito da intelixente campaña publicitaria promovida polo Goberno e o seu recurso ás inercias, pero tamén ás estruturas do franquismo, que aínda persistían. Non se debe restar valor ao comportamento de personalidades como Juan Carlos I ou Adolfo Suárez, pero polo menos convén contextualizalo. Souberon entender que lles facía falta a lexitimidade da que gozaba a oposición se querían sobrevivir e controlar os procesos. A democracia era un camiño que boa parte da sociedade consideraba como inevitable, o cal non quere dicir que se puidese alcanzar de maneira fácil. Porque unha democracia sen a participación da gran besta negra da ditadura, o PCE, non era críbel para boa parte dos sectores alleos ao Estado. Dentro da folla de ruta marcada, a sensación de fracaso estaba sempre presente. Existían moitos fronts abertos que había que ir consolidando. O cemento foi a vista posta no futuro, afastándose de curtoplacismos que, en ocasións, podían considerarse ata suicidas. Unha idea de futuro baseada no diálogo permanente entre distintos, que convenceu a unha cidadanía necesitada de leccións sobre o que estaba por vir.

CARA UNHA NOVA REPRESENTATIVIDADE. UNHA CONVIVENCIA NADA SINXELA ENTRE A “ORDE” E A “MODERNIDADE”

O abraiante resultado do referendo sobre a Lei para a Reforma Política, celebrado o 15 de decembro de 1976, tivo varias LECTURAS. Por unha banda, a elevada participación foi unha mostra de que na sociedade española había gana de participar na construción do futuro político do país. Dita afirmación non impide amosar certas cautelas perante a existencia de automatismos herdados do franquismo que impelían a refrendar todo aquilo que o Estado central e os poderes locais propuxeran. Por outra, o Goberno de Suárez puido empregar o éxito nas urnas para seguir mantendo a iniciativa do proceso.

Dende os sectores opositores eran conscientes de que había que actuar con celeridade para alterar esta dinámica, o que levou á detención de Santiago Carrillo o 22 de decembro co ánimo de evidenciar os límites da amnistía e o restrinxido compromiso das autoridades cas liberades. O debate trasladouse á opinión pública e o dirixente comunista, xunto a outros compañeiros do partido, foi posto en liberdade antes de que acabara o ano. Representantes das principais formacións opositoras viñan, ademais, traballando de xeito coordinado no que denominouse a Comisión dos Nove, con obxecto de presentar ante o presidente Suárez un conxunto de demandas. Entre elas, destacaba o recoñecemento dos partidos políticos e a necesidade de tabelecer os principios reguladores do agardado proceso electoral que permitira á cidadanía expresarse nas urnas. Ábrese a vía do acordo entre as elites políticas gubernamentais e da oposición, ficando fora, iso si, algunhas correntes de pensamento importante, coma, por exemplo, as anarquistas. Instáurase a palabra chave destes momentos: “o consenso”.

Xaneiro de 1977 estivo marcado, porén, pola violencia política. Secuestros do GRAPO, brutalidade policial e asasinatos de grupos de extrema dereita conforman unha diabólica espiral que tivo o seu cenit no episodio dos avogados de Atocha. A sociedade española non sucumbiu perante a estratexia da tensión, destacando a afouteza da militancia comunista ao despedir públicamente aos seus camaradas cobardemente acribillados. Foi un triunfo colectivo, sustentado nunha aleación emocional de medo e esperanza democrática, que expresa a imposibilidade de reducir o proceso transicional a un exercizo guionizado dende arriba. En febreiro modificouse a lei de asociacións políticas para abrir a posibilidade á oficialización dos partidos na oposición e pouco máis tarde fíxose o propio ca asociación sindical.

Cando o 9 de abril prodúxose a legalización do PCE, froito desa presión dende a base, a democratización española entrou nunha nova fase. Iso si, igual ca as Forzas Armadas acataron a noticia disciplinadamente salvo pola dimisión do ministro de Mariña, tamén os comunistas tiveron que aceptar a bandeira vermella e dourada e a monarquía coma moeda de troque. Nisto consiste aprender a recoñecer politicamente ao outro e comprender que da confrontación pacífica de proxectos poden saír resultados inesperados.

AS ELECCIÓN XERAIS DO 15 DE XUÑO DE 1977 E OS SEUS RESULTADOS: TODO POR CONSTRUIR

A convocatoria das eleccións xerais de xuño de 1977 veu precedida dun enorme despregamento publicitario. O “abano de siglas” ou a “sopa de letras” foron expresións habituais para referirse ao elevado número de partidos políticos que concorreron ás urnas. Pese a tal profusión de ideas e programas, houbo ausencias rechamantes, como foi o caso dos históricos partidos republicanos. Obxectando que o seu proxecto político era contrario á forma de Estado vixente, formacións como Izquierda Republicana, Acción Republicana Democrática Española (ARDE) ou Esquerra Republicana de Catalunya (ERC) non foron legalizados a tempo para estes primeiros comicios, aínda que si que o lograron uns meses máis tarde. Resulta imposible levar a cabo unha análise contrafactual sobre que resultados se terían obtido, pero foi a proba dos límites que acompañaron a este proceso de transición.

O censo electoral compuxérono 23.583.762 españois, dos cales un 78,8% acudiu á cita do 15 de xuño. Unha alta participación, que só foi superada nas eleccións de 1982. A sociedade reencontrábase co voto en liberdade, despois dunha longa noite ditatorial onde as escasas chamadas a urnas, con motivo dos referendos sobre as Leis Fundamentais ou as eleccións de procuradores a Cortes –realizados con censura, sen sufraxio universal nin garantías mínimas– non podían en absoluto ser contempladas como referente. Outra cousa diferente é que os electores non estivesen condicionados polos tempos pretéritos. É aquí onde xogou un papel fundamental a influencia, directa ou recordada, do pasado democrático ou o temor á volta a unha confrontación violenta. Que as campañas con maior rédito fosen aquelas lideradas por candidatos novos e que miraban ao futuro é unha pista de que premiou a cidadanía.

Ademais do papel exercido polos medios de comunicación, especialmente a prensa e a televisión, os partidos con maiores aspiracións fixeron un importante exercicio pedagóxico para trasladar á poboación os rudimentos democráticos. Que o presidente en exercicio se presentase como referente do centro político é tamén unha declaración de intencións sobre o que parecía que buscaba a España da época. Adolfo Suárez soubo sacar rédito á boa imaxe acumulada, pero tamén á súa apelación á concordia, de igual xeito que fixo o PSOE liderado por Felipe González. As posicións extremas ou aquelas que lembraban a outras épocas foron as máis penalizadas no reparto de escaños. Conformouse un Congreso dos Deputados con dous grandes bloques de centro-dereita e centro-esquerda, propósito inicial para asemellarnos ao noso contexto europeo de sociedade de benestar e dotar de estabilidade ao país. Comezaba a difícil tarefa de gobernar e as primeiras decisións indicaban que a negociación, o diálogo para alcanzar amplos consensos, sería a tónica dominante. Así se explica o Real Decreto que restablecía a Generalitat de Cataluña, a aprobación da Lei de Amnistía de outubro de 1977 ou a sinatura dos Pactos da Moncloa cos que se garantiu a viabilidade económica da nación ligándoa ao recoñecemento de dereitos cívicos aínda por perfilar.

“CONSENSO” OU “ACORDO POR MAIORÍA”?: A ELABORACIÓN DA CONSTITUCIÓN

Un trazo particular do proceso transicional español é que as eleccións xerais convocadas en xuño de 1977 non se presentaron formalmente como a Cortes Constituíntes. Secasí, a necesidade de elaborar un texto constitucional foi un sentimento compartido entre os principais partidos da cámara. De feito, tratábase dun requisito sine qua non para que a candidatura de España ás Comunidades Europeas puidese materializarse. En termos xerais a cidadanía consideraba moi oportuno ligar os destinos do país á Europa comunitaria, contemplada como epítome da modernidade e a mellor garantía para deixar atrás o pasado. Isto explica que unha das primeiras decisións do novo executivo fose solicitar a apertura de negociacións con Bruxelas. En novembro de 1977, España puido ingresar no Consello de Europa, institución non comunitaria, que fixo unha excepción aceptando no seu seo a unha nación sen Constitución. Debe interpretarse como unha aposta desde o exterior pola democracia española que había que corresponder.

No mes de agosto comezaron as reunións para a elaboración do proxecto constitucional. Os debates que permitiron pechar os Acordos da Moncloa axudaron a facilitar o camiño, xa que quedou patente que o consenso era a vía adecuada para esa complicada empresa. Os “pais constitucionais” –literal, eran todos varóns; na composición de ambas cámaras houbo unicamente vinte e unha deputadas e seis senadoras, fronte a quíntos setenta homes– non foron os únicos responsables de que o texto se materializase. Así, os testemuños da época non negan o papel entre bambolinas de Alfonso Guerra ou Fernando Abril Martorell, o que tamén exemplifica a importancia dos dous bloques maioritarios na súa faceta de garantes da estabilidade do proceso. Non obstante, esa labor máis escura, quizais eminentemente política e non tan técnica como a encargada á comisión constitucional, tamén foi sinalada como un déficit de representatividade. Ao fin e ao cabo, a elección dos sete encargados de redactar a Carta Magna –tres por UCD, un polo PSOE, un polo PCE, outro por AP e o de CDC, no seu caso, en representación das minorías nacionalistas catalá e vasca– non estivo exenta de polémica pola ausencia do histórico Enrique Tierno Galván. Esta, acabou condicionando que o PNV non tivese representante propio, o que dificultou o seu apoio final ao texto.

Despois da filtración á prensa do primeiro borrador, os debates alongáronse durante 1978, non sen sobressaltos, como cando o representante socialista, Gregorio Peces-Barba, anunciou a súa retirada da comisión neste mes de marzo. Solucionados os atrancos, o 31 de outubro foi aprobada a Constitución no Congreso e o Senado. A maior parte dos analistas sosteñen que foi resultado do consenso. Así e todo, que na votación nas Cortes cinco integrantes do grupo parlamentario popular e un deputado de Euskadiko Ezkerra se pronunciaran en contra implica que houbo disenso. Mínimo, pero existía. Se a isto sumamos as catorce abstencións, incluíndo nelas aos representantes do PNV, quizais o termo máis correcto sexa o de acordo por maioría. Non é un matiz sen importancia, toda vez que se prefiguran os problemas que ían ter algúns sectores nacionalistas e a dereita máis conservadora para atopar un encaixe aceptable na nacente democracia española. Construción dun futuro por descubrir.

O REFERENDO PARA A RATIFICACIÓN DA CONSTITUCIÓN: 6 DE DECEMBRO DE 1978

En apenas dous anos, a sociedade española tivo que acudir tres veces ás urnas. O primeiro referendo para a aprobación da Lei para a Reforma Política, pese á súa importancia como chave para os cambios que virían, non fixera visible a complexidade dun texto constitucional. Pero a chamada a consulta do 6 de decembro de 1978 si que presentaba, no obstante, unha certa similitude coas eleccións xerais do ano anterior. De novo, os principais partidos políticos puxeron en marcha unha campaña para instruír aos votantes no sentido do voto. Con todo, o despregue de medios, aínda que non carente de imaxinación, foi menor, toda vez que o respaldo amplamente maioritario que obtivera o texto nas Cortes parecía garantir que non habería dificultades para que o traballo parlamentario fose ratificado pola cidadanía.

A publicidade institucional foi posiblemente a que quedou máis marcada no imaxinario colectivo da época. O envío de 9 millóns de exemplares co texto da Constitución aos fogares españoles posibilitou o contacto da sociedade española co texto, redactado, ademais, non só en castelán, senón tamén en éuscaro, catalán e galego. Do mesmo xeito, na televisión pública –a única existente– emitíronse anuncios para explicar como votar, ao igual que cuñas que, baixo o título de ¿Qué es una Constitución?, sintetizaban en poucos segundos o contido dos seus principais artigos. Canto ao deseño dos carteis, xunto ao slogan principal que rezaba “Tu derecho es votar. Vota libremente”, engadíanse outras mensaxes moi significativas: “Para 36 millones de españoles”, “Contra nadie. A favor de todos” ou “Un voto vale más que mil gritos”, entre outros.

Aqueles que fixeron campaña polo ‘non’ desde posicións ultraconservadoras fixeron unha forte inversión económica: 70 millóns de pesetas polos 48 presupostados por UCD, os 40 do PSOE ou os 25 millóns do PCE a favor do ‘si’. A defensa do mantemento das posicións de poder durante a ditadura nunca foi un problema de falta de apoio financeiro. A loita real entre “inmovilismo” e futuro democrático foi en termos de credibilidade de proxectos. Levouse ao debate libre e democrático. A esquerda extraparlamentaria non dispoñía de tales recursos, pero procurou deixar sentir a súa mensaxe na rúa, tanto defendendo o non como a abstención, postura tamén sostida polo PNV. Alianza Popular decidiu non gastar nin unha peseta en publicidade, limitándose o seu líder e redactor constitucional, Manuel Fraga, a defender vehementemente o voto afirmativo nos seus mitins e nos espazos de publicidade de balde cedidos aos grupos parlamentarios en Radiotelevisión Española.

É tamén destacable a implicación doutros actores sociais que quixeron estar presentes na campaña, ao igual que o fixeran estando no resto do proceso transicional. Os sindicatos maioritarios apostaron polo ‘Si’, quedando unha CNT, que aínda non perdera o tren da historia, como defensora da abstención. A Comisión Permanente do Episcopado manifestou, pese a algunhas reservas, que non había contradición entre o contido da Constitución e os principios cristiáns, e outorgaba liberdade de voto aos católicos. Isto non foi óbice para que os sectores máis reactivos, encabezados polo arcebispo de Toledo, Marcelo González Martín, manexaran publicamente argumentos en liña de quen propugnaban o rexeitamento ao texto dende posicións ultradereitistas. Por último, as organizacións feministas movéronse entre a abstención e un si con reservas. O Frente de Liberación de la Mujer foi o máis crítico cun texto que dicía que non daba resposta ás reivindicacións do colectivo, mentres que o Movimiento Democrático de Mujeres ou a Asociación Española de Mujeres Separadas animaban a votar afirmativamente.

A participación caeu ata o 67.11 %, contrastando co ocorrido nos dous procesos electorais previos, vencendo o si cun 91.81% global, aínda que con variacións xeográficas moi significativas, especialmente no que á abstención se refire. Quedaba patente que a cuestión territorial estaba lonxe de

quedar resolta coa aprobación do texto constitucional. De feito, o contexto no que se enmarcou a campaña sobre o referendo estivo caracterizado pola intensificación do terrorismo, especialmente o protagonizado por ETA, e a desarticulación dunha das tramas involucionistas, a deseñada polo tenente coronel Antonio Tejero e o capitán Ricardo Sáenz de Ynestrillas. O proceso de transición alcanzara o seu prioritario obxectivo inicial, visualizando as ameazas que se cinguían sobre a nova democracia en España.

CRÉDITOS DA EXPOSICIÓN

Comisariado da mostra:

Dr. Emilio Francisco Grandio Seoane.

Profesor Titular de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela. A súa actividade investigadora céntrase no estudo da historia política do século XX español: desde a Segunda República ata a Transición Democrática. Investigador Principal de redes e proxectos de investigación sobre estas materias, é autor de numerosas monografías e artigos en revistas de impacto. Coordinador do Convenio entre o Grupo de Investigación HISPONA e o Consello da Cultura Galega, para a dixitalización e posta en valor do Fondo Miguel Gutiérrez de Propaganda Política da Transición, así como Comisario de varias exposicións con esta temática.

Dr. Misael Arturo López Zapico.

Profesor Contratado Doutor no Departamento de Historia Contemporánea da Universidade Autónoma de Madrid. Realizou estancias de investigación en SUNY New Paltz, UMASS at Amherst, University of Leeds, Universidade de Santiago de Chile, Pontificia Universidade Católica de Chile, UC Davis e George Washington University. A súa actividade investigadora inclúe a publicación de diferentes libros e artigos científicos sobre as relacións políticas e económicas entre España, EE. UU. e Chile no século XX, así como o estudo de temas relacionados con prensa norteamericana e propaganda durante o franquismo e a transición á democracia.

Coordinación da mostra:

D. Oscar Martín. Fundación Pablo Iglesias

Propietarios das pezas:

Fundación Pablo Iglesias

Fondo Miguel Gutiérrez de Propaganda Política da Transición

Biblioteca de Arquivos e Propaganda. Colección Ramón Adell Argilés

Institucións participantes:

Fundación Pablo Iglesias

Grupo de investigación Historia política e dos nacionalismos (HISPONA) da Universidade de Santiago de Compostela

Consello da Cultura Galega

Vicerreitorado de Transferencia, Innovación e Cultura da Universidade Autónoma de Madrid

Facultade de Filosofía e Letras da Universidade Autónoma de Madrid

Departamento de Historia Contemporánea da Universidade Autónoma de Madrid

Grupo de investigación Historia Social e Cultural Contemporánea (GIHSCC) da Universidade Autónoma de Madrid

Asociación Madrileña do Profesorado de Historia e Xeografía